



VI Concurso de Cartas de Nadal

Nenos e nenas de Ames:

Xa está o Nadal ás portas e canda el chega, unha vez máis, o Concurso de Cartas.

Nesta época temos as cabeciñas cheas de lembranzas, de ilusións, de agradecementos, de fantasía... e seguro que estades pensando xa en "agasallos". Este ano propoñémosvos que pensedes un anaquiño nos agasallos que non veñen envoltos en papeis de cores: as apertas, a alegría, os bicos, a comprensión, o cariño, a axuda... as cousas cotiás que compartimos día a día coa xente que queremos.

Entre esas cousiñas, seguro que ocupa un lugar moi especial a lingua, esa lingua que tedes a sorte compartir con todos os galegos e galegas e con nós, os magos, a través deste concurso. A lingua non nace canda nós, é un agasallo ben especial que nos fan as persoas que están arredor nosa, as persoas que comparten con nós ese tesouro milenario. E a esas persoas regaláronlles a lingua outras, e a esas outras, outras..., e así ata o infinito dos infinitos... Podemos dicir que a lingua é un tesouro compartido xeración tras xeración.

Nas cartas deste ano gustaríanos que, ademais de dicirnos que presentes queredes para o Nadal, nos contaredes cun debuxo e/ou con palabras quen vos regalou o galego. Así, as vosas cartas converteranse nun agasallo e servirán de agradecemento para esas persoas (avós/as, papás/mamás, amigos/as, mestras/es...) e nós, os magos, compartirémolas con eles e elas este Nadal.

Mentres enchemos os sacos e cargamos os camelos coas ilusións que estades esperando, agardamos polos vosos agasallos en forma de carta para as persoas que compartiron con vós e con nós a lingua galega.

Ata pronto!!

Melchor, Gaspar e Baltasar

BASES

PRIMEIRA: Para participar no concurso, as cartas teñen que estar escritas en lingua galega. O xurado valorará a adecuación ao tema proposto e a creatividade, tanto do texto coma da decoración/ilustración da carta.

SEGUNDA: Establécense tres categorías:

- Educación infantil
- Primeiro ciclo de primaria (1º e 2º)
- Segundo ciclo de primaria (3º e 4º)

TERCEIRA: As cartas depositaranse antes do **18 de decembro**, nas caixas de correo real situadas nas bibliotecas, nas casas da cultura e na Casa do Concello.

CUARTA: Os Magos enviarán unha carta resposta cun pequeno agasallo a todos os e as participantes que envíen ben os seus datos.



Para que os Magos poidan contestar deben aparecer moi clariños os datos persoais dos e das participantes: **nome e apelidos, curso, enderezo postal e teléfono de contacto**

QUINTA: Os magos de Oriente e o Apalpador nomearán un xurado en colaboración co Concello de Ames. Os premios (dous por cada unha das categorías) entregaranos os Reis Magos o día 5 de xaneiro na cabalgata real.

SEXTA: Algunha das cartas premiadas será utilizada polo Concello de Ames como imaxe para este concurso e para a programación de Nadal do ano vindeiro.

Decembro, 2012

Información:
981 884 991
normalizacion@concellodeames.org
www.concellodeames.org